



DATOS IDENTIFICATIVOS

Idioma 2, III: Inglés

Materia	Idioma 2, III: Inglés			
Código	V01G230V01305			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento				
Coordinador/a	Fernández Pena, Yolanda			
Profesorado	Fernández Pena, Yolanda			
Correo-e	yolanda.fernandez@uvigo.es			
Web	http://moovi.uvigo.gal			

Descrición xeral Esta materia pretende a consecución e consolidación das destrezas comunicativas e lingüísticas en lingua inglesa, prestando especial atención á aprendizaxe de gramática e vocabulario (Use of English: Grammar and Vocabulary) e ás destrezas de comprensión oral (Listening) e produción de discurso oral (Speaking). O curso terá unha orientación práctica.

Os materiais teóricos e prácticos seguirán un nivel avanzado alto C1+, segundo os estándares do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C1	Dominio de linguas estranxeiras
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C13	Optimización de toma de notas, elaboración de resumos, síntese e reexpresión
C18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
C24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
C27	Capacidade de razoamento crítico
C30	Coñecemento de idiomas
D2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
D8	Compromiso ético e deontolóxico
D9	Razoamento crítico
D15	Aprendizaxe autónoma
D22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
D23	Capacidade de traballo individual

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Ampliar o repertorio léxico e gramatical a ámbitos máis específicos.	A1 A4 A5	C1 C4 C30	D2 D15 D23
Desenvolver a aprendizaxe autónoma na aplicación de coñecementos léxicos e gramaticais a contextos orais (comprensión e produción de discurso oral).	A1 A4 A5	C1 C4 C18 C24 C30	D2 D15 D22 D23
Mellorar a capacidade de comprensión e expresión oral para a súa posterior aplicación ao exercicio profesional.	A1 A2 A4 A5	C1 C4 C13 C18 C30	D2 D15 D22 D23
Fomentar o sentido de conciencia lingüística da lingua inglesa, os seus mecanismos gramaticais e léxicos e as súas formas de expresión.	A1 A4 A5	C1 C4 C18 C24 C27 C30	D2 D8 D9 D22

Contidos

Tema	
Use of English and Vocabulary	<ol style="list-style-type: none"> 1. Advanced causative structures 2. Advanced conditionals structures (third, mixed, special uses) 3. 'It'-clauses (anticipatory and introductory) 4. Advanced passive structures 5. Phrasal and prepositional verbs 6. Advanced reported speech structures
Listening	<ul style="list-style-type: none"> - Strategies: <ul style="list-style-type: none"> · Listening for general meaning and for specific information · Coping with unknown vocabulary · Coping with different accents - Listening practice: <ul style="list-style-type: none"> · Discussions · Monologues · Dialogues · Conversations · Interviews (TV, radio, web streaming, etc.) <p>Examination-type listening comprehension tasks at advanced/C2 levels - Cambridge Proficiency, IELTS, etc.</p> <p>All of the above touch on interesting and varied topics and are taken from various sources.</p>
Speaking	<p>Oral production practice and comprehension on a wide variety of topics.</p> <p>Class activities will aim to stimulate the practise of oral production through some of but not limited to the following:</p> <ul style="list-style-type: none"> · Lively class and group discussions. · Class debates. · Developing and practising short monologues on societal issues. · Presentations. · Interviews.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	14	36	50
Presentación	6	10	16
Traballo tutelado	0	8	8
Resolución de problemas de forma autónoma	6	12	18
Resolución de problemas	8	16	24
Exame de preguntas obxectivas	6	10	16
Resolución de problemas e/ou exercicios	6	10	16

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introductorias	Presentación da materia e orientación xeral sobre a mesma. Diagnóstico inicial para detectar os coñecementos previos do alumnado e descubrir os seus intereses e motivacións. Explicación detallada do proceso de avaliación que se seguirá na materia.
Lección maxistral	Presentación e explicación dos contidos da materia relacionados coa destreza 'Use of English: Grammar and Vocabulary'.
Presentación	Proba(s) de competencia oral que serán avaliadas por medio de exposicións na aula realizadas polo alumnado.
Traballo tutelado	Preparación e deseño por parte do alumnado dunha presentación que garde relación cos contidos da materia.
Resolución de problemas de forma autónoma	Análise e resolución de exercicios prácticos relacionados cos contidos teóricos e as destrezas comunicativas traballados na materia e tomados de diversas fontes, a realizar polo alumnado de forma autónoma dentro ou fóra da aula.
Resolución de problemas	Análise e resolución de exercicios prácticos relacionados cos contidos teóricos e as destrezas comunicativas traballados na materia e tomados de diversas fontes.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Por atención personalizada enténdese atención na aula e en horario de titorías, así como atención a través da plataforma de teledocencia. Entre os obxectivos da atención personalizada están a orientación xeral sobre a materia, o fomento de estratexias de aprendizaxe, ofrecer indicacións sobre os traballos e exercicios, analizar os resultados obtidos en probas xa realizadas ou o asesoramento para a superación do curso. É recomendable que o alumnado informe con antelación da súa intención de asistir a unha sesión de titorías. A hora e día deben ser acordados por medio do correo electrónico.
Resolución de problemas de forma autónoma	Atención personalizada na aula, en titorías ou por correo electrónico para a resolución de exercicios relacionados cos contidos impartidos na materia.
Resolución de problemas	Por atención personalizada enténdese atención na aula e en horario de titorías, así como atención a través da plataforma de teledocencia. Entre os obxectivos da atención personalizada están a orientación xeral sobre a materia, o fomento de estratexias de aprendizaxe, ofrecer indicacións sobre os traballos e exercicios, analizar os resultados obtidos en probas xa realizadas ou o asesoramento para a superación do curso. É recomendable que o alumnado informe con antelación da súa intención de asistir a unha sesión de titorías. A hora e día deben ser acordados por medio do correo electrónico.
Presentación	Por atención personalizada enténdese atención na aula e en horario de titorías, así como atención a través da plataforma de teledocencia. Entre os obxectivos da atención personalizada están a orientación xeral sobre a materia, o fomento de estratexias de aprendizaxe, ofrecer indicacións sobre os traballos e exercicios, analizar os resultados obtidos en probas xa realizadas ou o asesoramento para a superación do curso. É recomendable que o alumnado informe con antelación da súa intención de asistir a unha sesión de titorías. A hora e día deben ser acordados por medio do correo electrónico.
Traballo tutelado	Atención personalizada na aula, en titorías ou por correo electrónico para a orientación e resolución de dúbidas relacionadas coas presentacións orais que deberá realizar o alumnado.
Probos	Descrición
Exame de preguntas obxectivas	Por atención personalizada enténdese atención na aula e en horario de titorías, así como atención a través da plataforma de teledocencia. Entre os obxectivos da atención personalizada están a orientación xeral sobre a materia, o fomento de estratexias de aprendizaxe, ofrecer indicacións sobre os traballos e exercicios, analizar os resultados obtidos en probas xa realizadas ou o asesoramento para a superación do curso. É recomendable que o alumnado informe con antelación da súa intención de asistir a unha sesión de titorías. A hora e día deben ser acordados por medio do correo electrónico.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Por atención personalizada enténdese atención na aula e en horario de titorías, así como atención a través da plataforma de teledocencia. Entre os obxectivos da atención personalizada están a orientación xeral sobre a materia, o fomento de estratexias de aprendizaxe, ofrecer indicacións sobre os traballos e exercicios, analizar os resultados obtidos en probas xa realizadas ou o asesoramento para a superación do curso. É recomendable que o alumnado informe con antelación da súa intención de asistir a unha sesión de titorías. A hora e día deben ser acordados por medio do correo electrónico.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Presentación	Avaliación da destreza de 'Speaking' (producción oral) a través da exposición dun tema relacionado cos contidos traballados na materia.	35	A1 A2 A4 A5	C1 C4 C18 C24 C27 C30	D2 D9 D15 D22 D23
Exame de preguntas obxectivas	Avaliación da destreza de 'Listening' (comprensión oral) por medio de exercicios de resposta curta e tipo test.	30	A1 A5	C1 C18 C24 C30	D2 D15 D22 D23
Resolución de problemas e/ou exercicios	Avaliación da destreza 'Use of English and Vocabulary' mediante diferentes tipos de exercicios nos que aparezan os contidos lingüísticos e comunicativos traballados na materia.	35	A1 A2 A5	C1 C4 C18 C24 C30	D2 D15 D22 D23

Outros comentarios sobre a Avaliación

Consideracións xerais

O dominio das competencias lingüísticas e comunicativas desta materia será avaliado por medio de varias probas parciais para cada unha das destrezas especificadas nesta guía docente. As datas concretas para cada proba serán anunciadas polo profesorado na aula con suficiente antelación.

A cualificación final da materia será calculada tendo en conta todas as destrezas traballadas ao longo do cuadrimestre, coa distribución indicada no epígrafe anterior e detallada nesta sección.

Na primeira edición de actas existen dous sistemas de avaliación: continua e única. A modalidade por defecto será a avaliación continua, excepto expresa notificación por parte da/o estudante da súa preferencia polo sistema de avaliación única. O alumnado que opte por avaliación única debe comunicarllo ao profesorado da materia antes de finais da segunda semana de clase como data límite.

Participar nun dos sistemas de avaliación implica a imposibilidade de participar no outro. A realización dunha ou varias probas parciais implica a aceptación do sistema de avaliación continua por parte do alumnado; igualmente, a ausencia a unha ou varias probas parciais implica o seguimento da materia por avaliación única.

O alumnado avaliado mediante o sistema de avaliación continua non poderá presentarse ao exame oficial de avaliación única na primeira edición de actas. A súa nota na primeira edición de actas corresponderá ao cómputo das notas obtidas na(s) proba(s) realizada(s). Tampouco se contempla o exame oficial de avaliación única na primeira edición de actas como exame de recuperación para aprobar as partes das destrezas suspensas na avaliación continua.

PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS

AVALIACIÓN CONTINUA

Para ser avaliado polo sistema de avaliación continua, é imprescindible a participación da/o estudante en todas as probas de avaliación que se vaian realizando ao longo do cuadrimestre, así como a entrega das actividades nas datas sinaladas.

- **Use of English (Grammar & Vocabulary) = 35%**
- **Listening = 30%**
- **Speaking = 35%**

As probas de avaliación terán lugar en horario lectivo, agás acordo previo co profesorado da materia. As datas concretas serán anunciadas na clase ao comezo do cuadrimestre e con suficiente antelación para a súa preparación.

Para superar a materia na súa totalidade será imprescindible acadar unha **cualificación mínima de 5 puntos como nota global** (sobre 10), sendo **5 puntos a puntuación mínima requirida en cada unha das probas parciais**: Use of English (35%), listening (30%) e speaking (35%). É dicir, cómpre aprobar cada unha das destrezas da materia cun 5, e o suspenso nunha das destrezas implica un suspenso global na materia nesta edición de actas. As mesmas condicións aplícanse na segunda edición de actas e independentemente do sistema de avaliación.

O alumnado poderá examinarse na segunda edición de actas unicamente da(s) parte(s) suspensa(s). De non aprobar nesta segunda oportunidade, o alumnado deberá examinarse de todas as destrezas en cursos posteriores: non se gardarán notas

parciais das distintas destrezas dun curso para outro.

AVALIACIÓN ÚNICA

A avaliación única terá lugar na data oficial aprobada pola Xunta da FFT. É responsabilidade do alumnado consultar as datas na páxina web da Facultade.

A cualificación final do alumnado que se acolla a este sistema de avaliación única computarase en base ás cualificacións obtidas nesta data oficial. A proba constará das partes necesarias para avaliar todas as destrezas impartidas durante o cuadrimestre, paralelo ao sistema de avaliación continua, agás indicacións diferentes por parte do profesorado. O valor de cada unha das destrezas na cualificación será igual á avaliación continua: Use of English (35%), listening (30%) e speaking (35%).

Para superar a materia será imprescindible acadar unha **cualificación mínima de 5 puntos como nota global, sendo 5 puntos a puntuación mínima requirida en cada unha das destrezas avaliadas** (Use of English (35%), listening (30%) e speaking (35%)). É dicir, cómpre aprobar cada unha das destrezas da materia cun 5, e o suspenso nunha das destrezas implica un suspenso global na materia nesta edición de actas.

O alumnado poderá examinarase na segunda edición de actas unicamente da(s) parte(s) suspensa(s). De non aprobar nesta segunda oportunidade, o alumnado deberá examinarse de todas as destrezas no seguinte curso académico: non se gardarán notas parciais das distintas destrezas dun curso para outro.

SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS

O exame no período de segunda edición de actas, independentemente da modalidade escollida na primeira edición de actas, terá lugar na data oficial aprobada pola Xunta da FFT. É responsabilidade do alumnado consultar as datas na páxina web da Facultade. O alumnado que teña que recuperar a presentación oral acordará a hora desta proba co profesorado da materia.

A cualificación final do alumnado que se acolla a este sistema de avaliación única computarase en base ás cualificacións obtidas nesta data oficial. A proba constará das partes necesarias para avaliar todas as destrezas impartidas durante o cuadrimestre. O valor de cada unha das destrezas na cualificación será igual á a avaliación continua: Use of English (35%), listening (30%) e speaking (35%) .

Para superar a materia será imprescindible acadar unha **cualificación mínima de 5 puntos como nota global, sendo 5 puntos a puntuación mínima requirida en cada unha das destrezas avaliadas** (Use of English (35%), listening (30%) e speaking (35%)). É dicir, cómpre aprobar cada unha das destrezas da materia cun 5, e o suspenso nunha das destrezas implica un suspenso global na materia nesta edición de actas.

O alumnado poderá examinarase na segunda edición de actas unicamente da(s) parte(s) suspensa(s). De non aprobar nesta segunda oportunidade, o alumnado deberá examinarse de todas as destrezas no seguinte curso académico: non se gardarán notas parciais das distintas destrezas dun curso para outro.

Observacións

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa **corrección lingüística e estilística**. De non ser así, a proba de avaliación pode resultar nun suspenso.

O **plaxio total ou parcial** en calquera tipo de traballo ou actividade suporá un **suspenso automático na materia no seu conxunto**, independentemente das probas xa realizadas e/ou aprobadas. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

É responsabilidade do alumnado consultar o correo electrónico con regularidade, consultar os materiais e as novidades a través da plataforma de teledocencia, e estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar. As datas de avaliación única son anunciadas na web da FFT. As datas de avaliación continua son anunciadas na clase con suficiente antelación, agás aquelas probas de carácter espontáneo. Non hai obriga de comunicar as datas de avaliación mediante a plataforma de teledocencia.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Gude, K. and M. Stephens, **CAE Result**, Oxford University Press, 2015

O'Dell, F. and A. Broadhead, **Objective Advanced**, 4th, Cambridge University Press, 2014

Bibliografía Complementaria

Brazil, D., **Pronunciation for Advanced Learners of English**, Cambridge University Press, 1994

Clare, A., F. Eales, S. Oakes and J.J. Wilson, **Speakout C1-C2**, 3rd, Pearson, 2023

Cosgrove, A. and C. Wijayatilake, **Open World C1 [Self-Study Pack]**, Cambridge University Press, 2020

Craven, M., **Real listening & speaking 4**, Cambridge University Press, 2008

Doff, A., C. Thaine, H. Puchta, J. Stranks and P. Lewis-Jones, **Empower (Student's book and workbook)**, 2nd, Cambridge University Press, 2022

Greenall, S. and M. Swan, **Effective Reading**, Cambridge University Press, 1995

Grellet, F., **Writing for Advanced Learners of English**, Cambridge University Press, 1997

Hewings, M., **Advanced Grammar in Use**, Cambridge University Press, 2005

Hewings, M., **Cambridge Grammar for CAE and Proficiency**, Cambridge University Press, 2009

O'Dell, F. and A. Broadhead, **Objective Advanced Workbook**, 4th, Cambridge University Press, 2014

McCarthy, M. and F. O'Dell, **English Vocabulary in Use**, Cambridge University Press, 2002

McCarthy, M. and F. O'Dell, **English Idioms in Use**, Cambridge University Press, 2004

McCarthy, M. and F. O'Dell, **English Phrasal Verbs in Use**, Cambridge University Press, 2004

BBC Podcasts,

BBC Sounds,

BBC World News,

CNN,

El País English Edition,

The Guardian,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Idioma 2, IV: Inglés/V01G230V01405

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Idioma moderno: Idioma 2, I: Inglés/V01G230V01105

Idioma moderno: Idioma 2, II: Inglés/V01G230V01205

Outros comentarios

É obrigatorio para todo o alumnado subir unha foto á plataforma de teledocencia durante a primeira semana de clase. A foto debe ser tipo carné ou suficientemente clara para apreciar a cara da/o estudante. Non se publicarán as notas de avaliación do estudantado que non proporcione foto.

Recoméndase unha aplicación constante e seria no estudo da materia. O alumnado que non posúa o nivel de partida (mínimo C1) terá que procurar formación en inglés pola súa conta.

O traballo diario e autónomo do alumnado resulta imprescindible para seguir e superar a materia. Debe terse en conta que as horas de clase na aula non son máis que parte das horas totais de traballo necesarias para superar a materia; en ningún caso representan a totalidade de horas que o alumnado deberá dedicarlle a esta materia. Neste sentido, é altamente recomendable que o material manexado polo estudantado non se limite ao visto nas sesións presenciais. Recoméndase dedicarlle tempo á lectura de xornais, libros e revistas en lingua inglesa, a vídeos, películas, series en lingua inglesa, etc.

Cómpre recordar ao alumnado que deben respectar os dereitos de copyright tanto dos libros utilizados como apoio á docencia coma dos materiais orixinais elaborados e facilitados polas docentes na aula ou a través da plataforma de apoio á docencia.

Durante as clases o alumnado non poderá utilizar dispositivos móbiles (teléfono, tableta, PDA ou similares) nin ordenadores, a non ser que o profesorado permita ou requira a utilización destes dispositivos con algunha finalidade pedagóxica.

Durante a realización dos exames non se permite a utilización de dicionarios, apuntamentos e dispositivos electrónicos (teléfonos móbiles, tabletas, ordenadores, etc.).

É responsabilidade do alumnado dispoñer dos medios telemáticos precisos para levar un bo seguimento da materia e das posibles probas de avaliación. En caso de ter algún problema de tipo técnico que dificulte o acceso á docencia virtual, o alumnado debe poñelo canto antes en coñecemento dos servizos técnicos da universidade (SAUM), onde poderá recibir asesoramento.

Os criterios aquí descritos tamén se aplicarán ao alumnado alleo (Erasmus, etc.). En caso de non poder acceder á plataforma de teledocencia, o alumnado alleo deberá contactar co profesorado da materia canto antes.

De haber alumnado pertencente ao Programa Sénior na materia, o seu proceso de avaliación poderá ser diferente do aplicado ao resto do alumnado e será acordado co profesorado da materia con suficiente antelación.

